

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN CULTURAL DE EMBARCACIONES TRADICIONAIS PIUEIRO PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEGUNDO ENCONTRO "A ROSEGHA UNINDO POBOS"

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POR:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN CULTURAL DE EMBARCACIONES TRADICIONAIS PIUEIRO PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEGUNDO ENCONTRO "A ROSEGHA UNINDO POBOS"

No Pazo Provincial, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, na súa condición de Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que se lle atribúen no artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Da outra, Joaquín Cadilla Castro, na súa condición de Presidente da Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piueiro, e en nome e representación da entidade, con CIF nº G94164167, con sede na Guarda, rúa Manuel Álvarez nº 16 baixo, CP 36780, no uso das atribucións que lle confire o artigo 25 dos seus Estatutos.

E Carlos Cuadrado Romay, actuando en calidade de Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade para a formalización deste convenio en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas; e para estes efectos, de común acordo,



EXPOÑEN

I. Os convenios das administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como se establecen nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nos artigos 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

II.- O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

III. Pola súa parte, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, se lle atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio.

IV. A Asociación cultural PIUEIRO pertence desde o ano 2018 á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial – Culturmar, na que participa activamente coa realización de actividades, encontros e difusión e o fomento da cultura mariñeira tradicional.

A Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais PIUEIRO é unha entidade cuxo principal obxectivo é a recuperación, conservación e difusión do patrimonio relacionado coa vida do mar mediante a organización de actividades divulgativas e recreativas.

Os principais fins desta asociación son: a recuperación de arquivos, imaxes e demais documentación da historia mariñeira; desenvolver e fomentar actividades culturais variadas e promover valores literarios, históricos, culturais, educativos e tradicionais.

No verán do 2024, a Asociación cultural PIUEIRO organizou o encontro “A Rosegha unindo pobos”, que se desenvolveu no porto de A Guarda. Participaron nel

asociacións culturais das dúas marxes do río Miño, así como dez embarcacións tradicionais galegas e portuguesa, de entre outras procedencias, Pova de Varzim, Vila do Conde, Esposende, Viana, Caminha, Vila Nova de Cerveira, e Valença.

En 2025 realizarase a 2ª Edición do encontro “A Rosegha unindo pobos”.

V. O encontro de embarcacións tradicionais de 2025 ten como actividade principal a navegación de maquetas de embarcacións tradicionais de ambas beiras do Miño, así como doutros puntos da provincia de Pontevedra, nunha piscina especialmente deseñada e construída para tal fin. Estas navegacións, que serán diúrnas e nocturnas, irán acompañadas de explicacións e información sobre as características das embarcacións. Ademais, no encontro desenvolveranse outras actividades complementarias relacionadas coa promoción da cultura mariñeira, como son:

- OBRADOIROS: Divulgación do patrimonio marítimo a través de obradoiros de maquetas de embarcacións feitas con madeira e/ou lata
- EXPOSICIÓNS: Mostras de Material marítimo pesqueiro. Mostra de maquetas de embarcacións. Mostra de marcas mariñeiras da vila de A Guarda.

Trátase dunha oportunidade para tender unha ponte de irmandade e confraternización a través da cultura mariñeira e das actividades e artes pesqueiras tradicionais entre as localidades situadas nas dúas beiras do Miño.

VI. O obxectivo xeral deste convenio é financiar as propostas lúdicas e culturais vencelladas coa tradición marítima e fluvial que terán lugar entre o 12 e o 13 de xullo de 2025. Todo isto a prol da recuperación do patrimonio asociado á cultura naval e marítima.

Neste marco de colaboración, encádrase a proposta deste convenio entre a Deputación de Pontevedra e a Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais PIUEIRO. Polo cal,



ACORDAN:

Primeiro. Obxecto da colaboración

1. É obxecto deste convenio financiar a programación lúdica e cultural que terá lugar do 12 ao 13 de xullo de 2025 no segundo encontro “A Rosegha, unindo pobos”, no porto da Guarda. Esta programación consistirá en actividades de obradoiros, exposicións e navegación.
2. Os principais obxectivos serán a posta en valor do patrimonio marítimo e fluvial e a necesidade de conservalo, incluíndo actividades de dinamización social e de lecer, coa finalidade de converter o evento nunha festa atractiva para todo tipo de público asistente.

Segundo.- Financiamento do convenio

1. As actividades programadas que a Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piueiro e a Deputación Provincial de Pontevedra levarán a cabo, teñen un orzamento total de **11.500,00 €** (ONCE MIL CINCOCENTOS EUROS).
2. As actuacións ás que se refire este convenio serán financiadas pola Deputación Provincial de Pontevedra, que se obriga a sufragar o seu custe ata a cantidade máxima de **11.500,00 €**, consonte a seguinte distribución:

	Anualidade	Total
Deputación Provincial de Pontevedra	2025	11.500,00 €

3. O pago realizarase contra a aplicación 25/942.9431.489.01 “*A Entidades sen fins de lucro, cooperación transfronteiriza*”, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.



No caso de que a actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación, o financiamento reducirase proporcionalmente.

Terceira.- Execución do convenio

1. A execución do convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial de Pontevedra, terá lugar coar desagregación que se establece no anexo I deste convenio.

2. A Deputación de Pontevedra poderá inspeccionar as actuacións obxecto deste convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes.

3. A achega farase efectiva mediante transferencia bancaria que será liberada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención Provincial, e na parte proporcional do financiamento.

Cuarto.- Compromisos da Deputación

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar os costes derivados do convenio, ata a cantidade máxima de **11.500,00€** (ONCE MIL CINCOCENTOS EUROS), de conformidade co disposto no anexo I, que será liberada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, na parte proporcional do financiamento.
- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do

sector público, e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000 euros.

Quinto.- Compromisos da Asociación

1. Correspóndelle á entidade o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización das actividades programadas.
2. A entidade organizará as actividades, co visto bo da Deputación de Pontevedra. Responsabilizarase da organización integral do programa así como de dispoñer dos espazos e de solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, instalación de elementos, etc.
3. Someterse ás actuacións de comprobación, que leve a cabo o órgano concedente ou entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
4. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación de Pontevedra, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
5. Cumprir cos demais supostos previstos neste convenio ou calquera outra obriga prevista no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Sexto.- Publicidade do financiamento provincial

1. A acción obxecto de subvención deberá garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piueiro.
2. A Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piueiro fará constar de forma expresa o patrocinio da Deputación nos documentos e informes que se redacten, nas



entrevistas e encontros que se celebren e nas publicacións divulgativas que se deriven das mesmas, así como na publicidade (web, RRSS) que con tal motivo se faga.

3. Coa conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

Sétimo.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberáselle de dar publicidade á subvención outorgada neste convenio, nos termos e condicións establecidos na dita lei. Por outra banda, consonte co disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, remitirase a Base de Datos Nacional de Subvencións a información correspondente á achega económica outorgada, nos termos establecidos na citada norma.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación de Pontevedra remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piueiro será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina Web da Deputación (<http://www.depo.gal/>).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.



Oitavo.- Compatibilidade con outras subvencións

1. Conforme ao disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. Porén o importe da subvención en ningún caso poderá ser da tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actividade subvencionada.

Noveno.- Xustificación da subvención

A documentación xustificativa a presentar pola Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piueiro, previa á realización do pago final, será a seguinte:

- Conta xustificativa que relacione os gastos e os ingresos da actividade subvencionada;
- Facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado;
- Na xustificación de ingresos, relacionaranse outras axudas concedidas para a mesma finalidade, así como os importes correspondentes a doazóns, patrocinios e outros ingresos afectados total ou parcialmente á actividade subvencionada;
- Memoria explicativa e detallada das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada, con mención dos resultados obtidos e identificación de asinante;
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais.
- Acreditación da difusión dada á colaboración da Deputación no financiamento da actividade;



- Declaración responsable de que os ingresos e gastos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio; dos ingresos obtidos; e de que as subvencións ou axudas obtidas non superan o custe da actividade.
- Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, na que se indicará de ser o caso, a entidade concedinte, data e importe total concedido.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado no anexo I, non podendo ser estas superiores ao 20% do consignado para ese concepto de gasto no orzamento

Décimo.- Comisión de Seguimento

1. Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das entidades asinantes, un dos cales terá carácter técnico

2. Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do seu contido.
- A coordinación entre as partes asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.



- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das entidades asinantes.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

3. A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

Décimo Primeiro.-Vixencia e prazo de xustificación

1. O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actividades ás que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 31/07/2025.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación PIUEIRO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula novena no prazo máximo de trinta días contado a partir da finalización daquelas.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade asinante para que á presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación PIUEIRO da sanción que, de



conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 25ª (6º a 7ª) de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piueiro na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a asociación terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, devengados desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

Décimo Segundo.- Extinción do Convenio

1. O convenio extinguirase polo cumprimento das actuación que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Serán causas de resolución:

1. O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
2. O acordo unánime dos asinantes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistirá o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.



4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
5. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo terceiro. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social

1. A entidade deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa deputación provincial será realizada de oficio pola Deputación.

Décimo cuarto. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá levar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.
2. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación, de conformidade co disposto na Bases de Execución do Orzamento da Deputación, seguirase o disposto nos artigos 36 a 43 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 a 101 seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
3. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.



Décimo quinto.-Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, Xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de Execución do orzamento da Deputación de Pontevedra. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á Presidencia da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E, en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e data sinalados no seu encabezamento.

O Presidente da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Luis López Diéguez

O Presidente da Asociación Piueiro

Asdo.: D. Joaquín Cadilla Castro

O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN CULTURAL DE EMBARCACIONES TRADICIONAIS PIUEIRO PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEGUNDO ENCONTRO "A ROSEGHA UNINDO POBOS"

ANEXO I

CONCEPTO	UDS.	PRECIO UNITARIO	TOTAL (sen IVE)	IMPORTE (sen IVE)	IMPORTE (con IVE)
Comunicación					
Gabinete comunicación: Xestión de redes sociais (Twitter, Instagram e Facebook)	4	300,00 €	1.200,00 €	1.200,00 €	1.452,00 €
Axente de prensa: Notas de prensa en galego e castelán (Presentación, Previa, nota diaria do encontro, balance final) Contacto con xornalistas para que realicen reportaxes complementarios ao evento (prensa, dixitais, televisións) Fotografías para medios. Clipping/Dossier de medios dixitais	1	2.200,00 €	2.200,00 €	2.662,00 €	2.662,00 €
Material promocional					
Deseñador gráfico: Deseño diplomas	1	100,00 €	100,00 €	330,00 €	399,30 €
Deseño cartel e folletos	1	230,00 €	230,00 €		
Imprenta: Carteis	500	0,40 €	200,00 €	285,00 €	344,85 €
Folletos (dípticos)	500	0,17 €	85,00 €		
Adecuación do espazo					
Adecuación zona navegación: Tablóns madeira recubrimento piscina	30	26,00 €	780,00 €		
Material para construción de boias	4	14,13 €	56,52 €	1332,39 €	1612,19 € €
Transportes (cisterna auga...)	1	495,87 €	600,00 €		
Adecuación zona exposición: Material para exposición de maquetas	30	34,69 €	1040,71 €		
Lonas e velas para indicacións e montaxe de exposición	3	250,00 €	750,00 €	1790,71 €	2166,76 €
Material e monitor obradoiros					
Obradoiro montaxe maquetas (monitor)	3	100,00 €	300,00 €	713,22 €	862,99 €
Obradoiro embarcacións de lata (material)	3	137,74 €	413,22 €		



Recoñecementos e agasallos					
Kit de montaxe	4	45,00 €	180,00 €		
Agasallos e diplomas participantes	1	323,59 €	323,59 €	503,59 €	609,34 €
Organización e seguridade					
Camisetas	85	9,72 €	826,50 €		
Pulseiras de identificación	50	1,50 €	75,00 €	1.200,94 €	1.390,55 €
Seguro y permisos	1	299,74 €	299,74 €		
				TOTAL	11.500,00 €

A Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piueiro é unha entidade de carácter social exenta de IVE segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 37/1992 e en aplicación do artigo 20.1.14º da Lei do IVE.